

CONCURSO DE MICRO- RRELATOS

RELATOS GANADORES



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Con ganas de contar a vida

Xuntas suman pouco máis de 1 100 palabras, pero fan pensar moito. As nove historias gañadoras do **VII Concurso de microrrelatos** da **Real Academia Galega** e **PuntoGal** reunidas nestas páxinas son, un ano máis, unha mostra clara de que somos un pobo que reflexiona e actúa ante os grandes temas da vida. Uns sombrizos, outros luminosos. Os seus autores e autoras teñen entre dez e 69 anos e demóstrannos que a gana de nos contar o mundo entre nós agroma ben cedo e sempre nos acompaña. Porque relatármonos aquilo que nos anguria como sociedade, ou no noso eu máis profundo, compartirmos igualmente o que nos enche de tenrura e alegría, é terapéutico. E tamén un acto literario que nos fai gozar, capaz de nos atrapar dende a primeira ata esa derradeira liña na que emerxe o xiro inesperado. Palabra tras palabra nun idioma, o galego, que constitúe a nosa maior obra colectiva. Unha lingua para expresarmos con riqueza o moito que temos que dicir. Un idioma para contarmos o mundo, a vida.

Víctor F. Freixanes

Presidente da Real Academia Galega

Manuel González González


Presidente de PuntoGal

O xurado

As nove historias que se recollen nesta publicación foron premiadas no **VII Concurso de microrrelatos** da **Real Academia Galega** e **PuntoGal**, ao que se presentaron case un milleiro de textos cunha extensión máxima de 200 palabras. Así o decidiron os dous xurados desta edición en senllas reunións celebradas o 4 de xuño de 2024.



O xurado da **categoría de persoas adultas** compuxérono o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; o presidente de PuntoGal, o tamén académico Manuel González González; a académica correspondente Olga Castro; o director xeral de PuntoGal, Darío Janeiro; e a escritora Antía Yáñez, membro do comité de redacción da revista *Luzes*.



Os contos que concorreron ás **categorías infantil e xuvenil** foron valorados polo académico de número Euloxio R. Ruibal; a académica correspondente Montse Pena Presas; a presidenta do padroado do Museo do Pobo Galego e membro da directiva de PuntoGal, Concha Losada; a filóloga e tamén membro do equipo de PuntoGal Cristina Ríos; e o escritor e xornalista Lois Alcayde Dans.

Nin con lixivia

CLAUDIA PÉREZ GONZÁLEZ *Primeiro premio da categoría de persoas adultas*

E di a Raquel que a tinta sae ben co Sanytol. Esa non fregou unha mesa na súa vida. Fregar ben, digo, non facer coma aquela que non ve nada e pasar a baeta por riba. Que eu ben o sei porque teño que ir detrás dela a quitar todas as manchas e ata as repugnantes gomas de mascar das mesas do fondo. Que dá igual cantas veces avise á señora directora, as gomas de mascar e a tinta volven rexurdir como as malas herbas na leira.

Para as gomas de mascar, só queda espátula e paciencia. E para a tinta hai que usar acetona e fregar, fregar con saña, con mala hostia ata que se van borrando pouco a pouco o *p*, o *u*, o *t* e xa, por último, o noxento *a*. Non inventan nada novo os rapaces, non che son nada creativos. Xa era igual cando estaba a miña Sabela no instituto. Que medo pasei de que algunha desas manchas levase o seu nome, que eu sei que a tinta sae con acetona pero as marcas da pel... esas non se borran nin coa lixivia.

Nacín en 1995 en Vega de Espinareda, no Bierzo, mais levo toda a vida de acá para alá. Ao xeito da *tillandsia*, gústame ter as miñas raíces aireadas.

Dedícome á docencia e, algunhas veces, solto o xiz para coller o bolígrafo.



Esperanza

LUCA CHAO PÉREZ *Segundo premio da categoría de persoas adultas*

Mide cinco centímetros, leva lentes e viste de azul. É valente. Por difícil que sexa o conflito, sempre se ofrece voluntaria, disposta a axudar. A súa determinación desafia o seu diminuto tamaño. Na primeira alerta, sobe a un avión e voa rapidamente a onde sexa necesaria. A súa estatura é unha vantaxe indubidable, é áxil e pasa desapercibida. A última vez que a vin, as bombas caían sobre as súas bágoas e cando parecían máis preto, estendeu os brazos e nun abrir e pechar de ollos desapareceu.

Luca Chao (Lugo, 1988).
Feminista. Doutora en
Ciencias Sociais. Amante
e militante das palabras
para contarnos e contar
historias.



Herdanza

MANUEL GONZÁLEZ SEOANE *Terceiro premio da categoría de persoas adultas*

Atía Amelia aparece retratada en branco e negro nunha foto de estudio: viste xersei de colo redondo, escuro coma o seu pelo, recollido nun moño alto moi propio da época. Contaba ela que nesa altura tiña só vinte anos e que acababa de parir as xemelgas. Porén, cando Amelia morreu, ningunha das fillas quixo salvar o marco prateado da queima final. Explícase porque esa fotografía foi o principio do distanciamento entre as irmás. Tivo a culpa o colar de perlas que a tía loce no retrato. Cando algunha visita reparaba con admiración no detalle, ela oufanábase explicando que eran perlas auténticas. O seu pasamento orixinou unha procura por todos os caixóns da casa, tan exhaustiva coma infrutuosa. Ninguén deu co tesouro.

A tía Amelia coidoume dende que quedara orfo, con sete anos. No seu testamento non figuraba o meu nome, nin eu o esperaba. Doume por satisfeito co retrato... e co segredo que ela me revelou unha noite de inverno: aquel colar era propiedade do fotógrafo e non valía nin dous patacóns. Nunca o contei. Nin tampouco dixen que o marco da foto si que é de prata auténtica.

Son de Vilagarcía de Arousa pero vivo na Coruña. Desde que me xubilei, hai dous anos, teño máis tempo para as miñas afeccións: ler, escribir e fotografar.



Escoitouse o silencio

JACOBO PÉREZ CRIADO *Primeiro premio da categoría xuvenil*

Co seu chufasqueiro amarelo e unhas poucas nasas. Nada máis. Saíra ao luscofusco, pero o tempo esvaraba das súas mans. A noite facíasele interminábel. Ademais, polo momento, a súa viaxe fora pouco proveitosa. Ela e un polbo, un polbo e mais ela; esa estaba a ser a súa única compañia. Non había moito dende que comezara a lapiñar, pero agora sentíase unha cifra que arrastraba lentamente a gamela cara ás rochas. Só fixo falla unha onda. Escoitouse o silencio.

Á primeira hora do día seguinte, non quedaba nada máis que uns madeiros. Os pescadores máis madrugadores ao veren estes restos, entre os que aínda andaba aquel polbo, reviviron o acontecido. Escoitouse o silencio.

Jacobo Pérez Criado (Vigo, 2007) vive na Coruña, estuda 1º de BAC no Colexio Internacional Eirís. Agarda o futuro con ilusión. Representante galego na fase nacional do MEP e gañador do certame Ana Frank 2022.



Piii... piii... piii...

MENCÍA FERREIRO GARCÍA *Segundo premio da categoría xuvenil*

Os curiosos achegábanse. Cada vez había máis e máis xente. O corpo xacía no chan, no medio da amálgama de persoas. Estaba tapado, evitando así as especulacións. Ninguén sabía o que sucedera nin quen era a vítima. As sirenas da policía destacaban sobre os constantes murmurios.

Xan sae do traballo, con présa para recoller os fillos do colexio. Colle a bicicleta e comeza a pedalear. Cando chega á praza da vila ten que parar. Non sabe o que pasa, pero a multitude impídelle o paso. Achégase e ve o vulto. Pretende seguir o seu camiño, pero sabe que é en van, xa que non vai chegar a tempo. Marca o número da súa muller para que recolla ela os nenos. Chama. Nese momento todo o mundo cala. Un inquietante son procede do corpo inerte. É o móbil da defunta.

Chámome Mencía
(Ribadeo, 2007).
Apaixóname ler e
mergullarme nos libros.
Toco o tamboril e xogo ao
bádminton. Encántame
viaxar e coñecer novas
culturas e linguas.



Inocencia

CARLA COUCHEIRO RODRÍGUEZ *Terceiro premio da categoría xuvenil*

Gritos.
—Cariño, vou facer a compra. Tráioche o teu chocolatiño preferido?
E volveu aos dous días.
Golpes.
—Vou tomar o café coa tía. Vale, amor?
E volveu á semana.
Pelexas.
—Filliño, chamoume a avoíña e vou visitala. Non tardo.
E non lembro cando volveu.
E por fin entendín os cotelos magoados de papá.

Son Carla e estudo en 3º da ESO; son de Valencia mais vivo en Santiago. Dende nena fun escribindo contos e historias, e sempre busquei debuxar, ler e escribir.



Un día misterioso

MARTINA BOO ÁLVAREZ *Primeiro premio da categoría infantil*

Un día Pedro, de camiño ao colexio, cruzou no paso de peóns e de súpeto viu un coche a toda velocidade cara a el. Sentiu un golpe moi forte, mais sen saber o que pasara, seguiu o seu camiño.

No colexio, Pedro sabía que algo non ía ben porque o mestre e os seus compañeiros non lle falaban nin lle facían caso, aínda que lles falase, lles berrase... Cando rematan as clases a súa nai sempre o vai recoller, mais ese día ela non foi.

Pedro foi para a casa só e de camiño viu a súa nai chorando na estrada. Había moita xente ao redor e ambulancias. Non quería perder a súa nai de vista, quería preguntar por que non fora recollelo hoxe.

Achegouse á súa nai e viu un señor tapando un cátivo. Non lle deu tempo a verlle ben a cara, e a súa nai xa marchara.

A súa nai andou ata chegar ao seu coche e os dous subíronse sen falar.

Ao día seguinte, Pedro non foi ao colexio para espiar a súa nai e viu que foi a un funeral e comprobou que o seu propio nome figuraba no cadaleito.

Nacín en Cambre no ano 2012. Estudo no CEIP Gonzalo Torrente Ballester de Sigrás. Gústame debuxar, ler e saír cos amigos. Practico baloncesto e patinaxe.



O niño da palmeira

MARIÑA ABOLLO ANEIROS *Segundo premio da categoría infantil*

Cando espertei aquel día de agosto, só pensaba na churrascada que íamos facer esa tarde. Ata que escoitei o ruído do guindastre non me dei conta de que o meu avó estaba podando a palmeira. Esta árbore era a raíña do xardín. Alzábase, dominando toda a eira coa súa sombra. Nas súas anchas follas, que agora caían ao chan cortadas polo meu avó, os paxariños construían os seus fogares. O meu irmán Roque atopou un destes niños no chan mentres xogaba ao fútbol co meu tío. Dentro había tres pardais cativiños, cativiños, cativiños. A súa nai aniñara nas ponlas da palmeira e, ao cortalas, perderan a súa casa. Os rechouchíos dos paxaros facíanme sentir algo quentiño que proviña do corazón e que se foi estendendo por todo o corpo. Era cariño. Chameilles Chío, Xeadó e Peladiño. Recollémolos nunha caixa de zapatos que enchemos de palla. Chío e Xeadó crecían rapidamente, mentres Peladiño seguía tan pequeniño e pelado como o primeiro día. Ata que chegou o momento de volver para o colexio. Cando nos fomos, a miña avoa coidou deles pero, nunha tarde de calor, Peladiño marchou. Non chegou a voar.



Son Mariña e teño once anos. A miña maior afección é ler, pero tamén adoro a música. Dende pequena escribo historias. Encántame quedar coas miñas amigas e ir á praia.



Traballo a tempo completo

XOEL VILLAR CASTRO *Terceiro premio da categoría infantil*

Xoel, ponme a tele. —Xoel, axúdame cos deberes. —Xoel, xoga comigo. —Xoel, préstame a tableta. —Xoel, podo durmir contigo?

—Xoel, Xoel, Xoel...

Pero que queres agora? Non podes deixarme tranquilo aínda que sexa un momentíño? Anda, non chores, xa vou...

Os que sodes irmáns maiores sabedes de que falo.

—Quérote moito, irmá, pero eu dimito!!

Teño dez anos e vivo en Castrelo de Miño. Gústame moito o deporte, sobre todo a escalada. Encántame ler e xogar aos videoxogos. Teño unha irmá pequena de cinco anos que me trae tolo.





**REAL
ACADEMIA
GALEGA**

